



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 6 de xullo de 2016

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 06/07/2016.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 06/07/2016.
- III. Escrito para a ACSUG.
- IV. Guías docentes do Grao ERME. Curso 2016/2017.
- V. Escrito para a materia: “Tecnoloxía Ambiental” dos Graos EE e ERME.
- VI. Guías docentes do Grao EE. Curso 2016/2017.
- VII. Escrito para a materia: “Instalacións de enerxías renovables” do Grao EE.
- VIII. Guía docente do Máster en Enxeñaría de Minas para o curso 2016/2017.
- IX. Guía docente do Máster en Xeoinformática para o curso 2016/2017.
- X. Informe Anual do PAT do curso 2015-2016.
- XI. Memoria do PAT para o curso 2016-2017.
- XII. Documentación relativa ao Plan de Calidade da ETSE de Minas aprobada nesta Xunta de Escola.
 - R1 DO-0202 Informe Anual de Promoción do centro do curso 2015-2016.
 - Plan de Información Pública.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da ETS de Enxeñaría de Minas, presidida pola Directora, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 20 de xuño de 2016.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 20 de xuño de 2016.

Unha vez aprobada será publicada definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro, por exemplo en galego:



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>

2. Informe da Directora

A Directora informa:

- Por Resolución Reitoral do 28 de Xuño publicouse a convocatoria de 38 bolsas de colaboración para apoio ás actividades de calidade desenvolvidas nos centros da Universidade de Vigo

Para a ETSE de Minas convocaron dúas bolsas de 40h durante dous meses e medio. O prazo para presentar as solicitudes finaliza o 18 de xullo. As bases e formulario atópanse en: <https://seix.uvigo.es/uv/web/avisos/aviso/show/9125>

- A ANECA puxo en marcha de novo o programa ACREDITA+ para obter o selo EUR-ACE. Para os títulos que xa realizaron o proceso de renovación da acreditación, e por tanto non o poden obter conxuntamente. Preténdese implantar un procedemento específico.

Trátase de que estas titulacións presenten unha solicitude que deberán acompañar dun informe de autoevaluación simplificado. A ANECA comezará a coordinación coas axencias autonómicas para que despois de verán estean dispoñibles as guías de autoevaluación á espera de empezar a recibir as solicitudes no último trimestre do ano.

- O 22 de xuño a Dirección acudiu ao “Solemne acto académico de investidura de doutores honoris causa pola Universidade de Vigo”.
- A Escola foi convidada o Acto Exposición fotográfica “PREMIADAS MARÍA JOSEFA WONENBURGER PLANELLS” organizado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia que tivo lugar o mércores 26 de xuño en Santiago de Compostela. A Secretaria da Escola, Ángeles Saavedra, acudiu ao acto. A Dirección agradece a súa asistencia.
- A Escola foi convidada a participar na Mesa "Talento Xove Pontevedra" organizada pola Dirección Xeral de Xuventude que tivo lugar o xoves 30 de xuño na Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Vigo . O subdirector de relacións internacionais, Higinio González, acudiu ao acto. A Dirección agradece a súa asistencia.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



- Madrid Subterra, www.madridsubterra.es, convocou a segunda edición do seu Concurso de Ideas e Proxectos para a explotación e exploración da enerxía do subsolo urbano. A temática dos traballos, ideas e proxectos que poden optar aos premios desta convocatoria está aberta a todas as materias, tecnoloxías, dispositivos e sistemas relacionados con este novo horizonte enerxético. O Concurso está dirixido a estudantes, doutorandos, emprendedores e empresarios.
- O Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia convocou a primeira edición dos Premios Galicia de Industria. Os premios están dirixidos a persoas, proxectos, empresas e entidades pola súa contribución ao tecido industrial da comunidade autónoma de Galicia. Pódese atopar mais información no seguinte link:
<https://drive.google.com/file/d/0B52moA67CqL4cWlpa2VSeqpDZmM/view?pref=2&pli=1>
- O Vicerreitorado de Estudantes solicitou que os centros propuxesen candidatos para participar no Programa Novos Líderes Iberoamericanos XIV convocado pola Fundación Carolina. Desde o centro propúxose a Cesar García Veloso. O 1 de xullo comunicouse que desde a Universidade avalaron a súa candidatura sendo un dos 3 candidatos que propón a Universidade. A Dirección felicita ao alumno.
- Enviouse a Revista Industria e Minería, editada polo Consello Superior de Colexios de Enxeñeiros de Minas de España, a memoria de actividades do primeiro semestre de 2016 da ETSEM que será publicada e o próximo número.
Tras o Acto de Gradación que se celebrará o 8 de xullo enviarase un artigo para a súa publicación.
- Na decimoséptima edición de Ciencia en Acción, o traballo presentado polo profesor Benito Vázquez Dorrió e titulado “Enerxía, materiais e medio ambiente (2007 - 2015)” foi seleccionado como un dos traballos gañadores para ser presentado na final que terá lugar na Escola Politécnica Superior de Algeciras (Cádiz), do 7 ao 9 de outubro deste ano na modalidade “Ciencia, Enxeñaría e Valores”
- No mesmo evento e na modalidade “Materiais Didácticos de Ciencias en Soporte Interactivo” (Premio IBM) concedeuse a Mención de Honra ao traballo “WWW.CLICKONPHYSICS.ES” cuxos autores son José Benito Vázquez, Javier



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Vijande, Jesús Branco, Manuel Martínez e Ramón Soto da ETSE de Minas da Universidade de Vigo.

- Como se informou na anterior Xunta de Escola, a Comisión de Calidade acordou iniciar o proceso para presentar alegacións aos informes definitivos de acreditación dos graos.

Tras conversacións coa área de Calidade informáronnos que o 21 de xullo o Director da área e a Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado terán unha reunión na ACSUG para tratar o proceso de acreditación a nivel institucional e que se comprometían a levar as alegacións particulares dos centros.

A Comisión de Calidade na súa sesión celebrada previa a esta Xunta de Escola aprobou o escrito de alegacións (Anexo III).

3. Aprobación, se procede, da guía docente do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o curso 2016/2017.

Segundo o calendario de elaboración de Guías Docentes, o 1 de xullo reuniuse a Comisión de Calidade para a revisión e aprobación das guías docentes. Nesa reunión tomáronse os seguintes acordos:

- 1) Eliminar as referencias a Códigos Éticos/Usos de móbiles/Comportamento, en base á resposta da Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo:

“Se un alumno cometese un feito que puidera constituír unha presunta infracción, tipificada como tal na Normativa, procedería a apertura polo órgano competente dun procedemento disciplinario e no seu caso a imposición da sanción correspondente, polo que non procede a súa consignación na guía docente da materia”

- 2) Todas as guías deben publicarse tanto en castelán como en galego xa que segundo o artigo 2.4 do regulamento do uso da lingua galega, aprobado en Consello de Goberno o 2 de marzo de 2015:

“Os centros e os departamentos da Universidade de Vigo, da mesma maneira que as dependencias administrativas e de servizos, terán como lingua de uso o galego. Así mesmo, os documentos que os departamentos e as entidades institucionais elaboren: as memorias, as actas, as comunicacións oficiais para os taboleiros de anuncios, os programas das materias etc.”



- 3) Corrixir/ Modificar/Eliminar/Re-redactar algunhas cuestións menores do tipo duplicidades, confusión na redacción, símbolos, ou aspectos que e consideraban non debían figurar nunha guía docente.

Por outra banda, recórdase que en base ao Artigo 3: Aprobación e publicación das guías da Normativa de elaboración, aprobación e publicación de guías docentes da Universidade de Vigo, aprobada polo Consello de Goberno na reunión do 9 de xuño do 2009:

“As guías docentes deberanse aprobar pola Xunta de Centro como mínimo un mes antes do comezo do período de matrícula dos estudos a que se refira. A Xunta de Centro aprobará o calendario e procedemento internos das distintas fases de elaboración e aprobación das guías docentes das titulacións adscritas ao centro.

No caso de non aprobación, a Xunta de Centro deberá indicar os motivos da non aprobación coa indicación dos cambios que deberían ser incluídos nunha nova proposta

Unha vez aprobadas as guías deberán ser asumidas polo profesorado responsable da docencia da titulación no ámbito que lles corresponda (materia, curso, ...), debendo responsabilizarse do desenvolvemento dos aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe que recolle”

E segundo o Procedemento de Seguimento de Obrigas Docentes da ETSM, aprobado en Xunta de Escola o 6 de outubro de 2015:

“Será responsabilidade do coordinador/a de materia, a correcta elaboración, o en su caso, revisión de la guía docente de la materia, utilizando la herramienta informática Docnet, y siguiendo los plazos e instrucciones establecidos por el Centro. El no cumplimiento de estos plazos e instrucciones quedará registrado, y será motivo de incidencia en las obligaciones del profesorado “

Enviáronse por correo electrónico aos membros da Xunta de Escola as guías docentes do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o curso 2016/2017 (Anexo IV) coas modificacións anteriormente sinaladas. O proceso foi coordinado e supervisado pola profesora María Araújo e as guías foron aprobadas previamente pola Comisión de Garantía de Calidade.

Desde a Comisión de Garantía de Calidade enviáronse escritos aos profesores responsables das materias cuxas guías ían ser modificadas. Recibíronse varios correos electrónicos de profesores amosando a súa conformidade. Así mesmo, o 6 de xullo recibíuse un correo electrónico do profesor Rafael Barrionuevo Giménez, responsable das materias V09G290V01402 “Tecnoloxía ambiental” do Grao en Enxeñaría da Enerxía, e V09G310V01402 “Tecnoloxía ambiental” do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e



Enerxéticos, sinalando o seu desacordo coas modificacións feitas nas súas guías docentes. Estas modificación atópanse detalladas no escrito (Anexo V) enviado ao profesor Rafael Barrionuevo.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías docentes do Grao ERME para o curso 2016/2017.

A Dirección agradece o traballo realizado.

As Guías Docentes serán colgadas na sección de PROGRAMAS ASIGNATURAS / GRAOS da web do centro.

4. Aprobación, se procede, da guía docente do Grao en Enxeñaría da Enerxía para o curso 2016/2017.

Enviáronse por correo electrónico aos membros da Xunta de Escola as guías docentes do Grao en Enxeñaría da Enerxía para o curso 2016/2017 (Anexo VI) coas modificación segundo a normativa exposta no punto anterior. O proceso foi coordinado e supervisado polo profesor David Patiño e as guías foron aprobadas previamente pola Comisión de Garantía de Calidade.

A CGC enviou un escrito (Anexo VII) ao profesor Fernando Manzanedo García, responsable da materia V09G290V01604 “Instalacións de enerxías renovables” do grao en Enxeñaría da Enerxía, informándolle da obrigatoriedade de publicar a guía en galego, segundo o artigo 2.4 do regulamento do uso da lingua galega incluído no punto anterior. Estableceuse un prazo ata o luns 4 de xullo e, unha vez finalizado o prazo foi o coordinador do grao quen editou e publicou en galego a referida guía. Tendo en conta o anteriormente exposto, a dirección propón rexistrar o non cumprimento dos prazos e instrucións e incluír unha incidencia no rexistro do cumprimento das obrigacións docentes do profesorado.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías docentes do Grao EE para o curso 2016/2017 así como a inclusión da incidencia.

O profesor Ángel Espada Seoane fai a petición, en representación do profesor Fernando Manzanedo García que non é membro da Xunta de Escola, de que conste en Acta a inclusión dunha incidencia no rexistro do cumprimento das obrigacións docentes do profesorado polo non cumprimento dos prazos e instrucións por parte do profesor Fernando Manzanedo na elaboración da guía docente da materia V09G290V01604 “Instalacións de enerxías renovables”.

A Dirección agradece o traballo realizado.

As Guías Docentes serán colgadas na sección de PROGRAMAS ASIGNATURAS / GRAOS da web do centro.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



5. Aprobación, se procede, da guía docente do Máster en Enxeñaría de Minas para o curso 2016/2017.

Enviouse con antelación á celebración desta Xunta de Escola a guía docente do Máster en Enxeñaría de Minas para o curso 2016/2017 (Anexo VIII).

O proceso foi coordinado e supervisado polas profesoras Elena Alonso e Teresa Rivas e as guías foron aprobadas previamente pola Comisión Académica do Máster.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a guía docente do Máster en Enxeñaría de Minas para o curso 2016/2017.

A Dirección agradece o traballo realizado.

As Guías Docentes serán colgadas na sección de PROGRAMAS ASIGNATURAS da web do centro.

6. Aprobación, se procede, da guía docente do Máster en Xeoinformática para o curso 2016/2017.

Enviouse con antelación á celebración desta Xunta de Escola a guía docente do Máster en Xeoinformática para o curso 2016/2017 (Anexo IX).

O proceso foi coordinado e supervisado polo profesor Higinio González Jorge. Por ser un Máster interuniversitario, só as guías asignadas á Universidade de Vigo foron aprobadas previamente pola Comisión Académica do Máster.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a guía docente do Máster en Xeoinformática para o curso 2016/2017.

A Dirección agradece o traballo realizado.

As Guías Docentes serán colgadas na sección de PROGRAMAS ASIGNATURAS da web do centro.

7. Aprobación, se procede, do informe do Plan de Acción Tutorial do curso 2015-2016.

A Coordinadora do PAT do curso 2015-2016 fai un resumo das actividades recollidas no Informe Anual do PAT, enviado con antelación á celebración desta Xunta de Escola, (Anexo X). O proceso foi coordinado pola Coordinadora do PAT Ángeles Saavedra e foi aprobado na Comisión de Calidade celebrada previa a esta Xunta de Escola.

A CGC decidiu enviar ao profesorado implicado, seguindo a liña do que se viña facendo durante os cursos anteriores, os comentarios máis destacados recollidos polos tutores/mentores nas súas reunións periódicas.

O Informe apróbase por asentimento.

A Dirección agradece o traballo realizado pola Coordinadora do PAT e os tutores/mentores.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Devandito informe será colgado no correspondente apartado da web do centro.

8. Aprobación, se procede, do Plan de Acción Titorial para curso 2016-2017.

Envíouse por correo electrónico o Plan de Acción Titorial do curso 2016-2017 (Anexo XI).

O proceso foi coordinado polas Coordinadoras do PAT 2015-16 e 2016-17, Ángeles Saavedra e Itzía Goicoechea.

Preséntanse as actividades previstas para o PAT do curso 2016-2017. Sinálanse as principais diferenzas con respecto ao PAT do presente curso:

- Modificación na titorización de 1º curso. xa que se poñerá en marcha o programa MEET-Minas. Actualmente hai 17 alumnos da Escola en formación para que actúen de mentores dos alumnos de primeiro dos graos durante o próximo curso 2016-17.
- Incorporouse ao PAT o Máster de Xeoinformática.

A Dirección agradece o traballo realizado polas Coordinadoras do PAT e aos titores/mentores a súa participación.

Devandito informe será colgado no correspondente apartado da web do centro.

A Memoria apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas.

Envíouse con antelación á celebración desta Xunta de Escola a documentación relativa a este punto (Anexo XII):

- R1 DO-0202 Informe Anual de Promoción do centro do curso 2015-2016.

Tras a presentación do Informe Anual de Promoción por parte da presidenta, apróbase por asentimento.

A Comisión de Calidade agradece o traballo realizado á Coordinadora de Difusión, Marta Cabeza, e a todo o profesorado implicado na Comisión de Difusión e anima ao profesorado a participar nas actividades de divulgación comunicando o seu interese no Negociado de Asuntos Xerais para a súa inclusión na Comisión de Promoción.

- Plan de Información Pública.

Tras a presentación do Plan de Información Pública por parte da presidenta, apróbase por asentimento.

A Comisión de Calidade agradece o traballo realizado polos Bolseiros de Calidade.



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



10. Rogos e preguntas

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 55 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a seis de xullo de dous mil dezaseis.

Vº e Prace

A Presidenta

Natalia Caparrini Marín

A Secretaria

Ángeles Saavedra González



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 06/07/2016



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 06/07/2016



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO III

Escrito para a ACSUG



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO IV

Guías docentes do Grao ERME. Curso 2016/2017



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO V

Escrito para a materia: “Tecnoloxía Ambiental” dos Graos EE e ERME



ANEXO VI

Guías docentes do Grao EE. Curso 2016/2017



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO VII

**Escrito para a materia: “Instalacións de enerxías renovables” do Grao
EE**



ANEXO VIII

Guía docente do Máster en Enxeñaría de Minas para o curso 2016/2017



ANEXO IX

Guía docente do Máster en Xeoinformática para o curso 2016/2017



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO X

Informe Anual do PAT do curso 2015-2016



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO XI

Memoria do PAT para o curso 2016-2017



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO XII

Documentación relativa ao Plan de Calidade da ETSE de Minas aprobada nesta Xunta de Escola:

- **R1 DO-0202 Informe Anual de Promoción do centro do curso 2015-2016.**
- **Plan de Información Pública.**